

Estimadas familias,

Desde o CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma ofrecémosvos a seguinte información básica para este curso que comezará **o luns 11 de setembro.**

1. DATOS DE CONTACTO DO CENTRO.

CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma
Rúa Lagares, 12
CP 15011, A Ccruña
Telf. 881960787 / Fax 881960789
e_mail: ceip.sanpedro.visma@edu.xunta.gal
web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanpedrovisma/>

2. PERÍODO LECTIVO.

Inicio das clases: 11 de setembro.

Finalización das clases: 21 de xuño.

Vacacións:

- Nadal: desde 22 de decembro ata o 7 de xaneiro, ambos inclusive.
- Entroido: 12, 13 e 14 de febreiro.
- Semana Santa: desde o 23 de marzo ata o 1 de abril, ambos inclusive.
- Día do Ensino (non lectivo): 7 de decembro de 2023.
- Pendentos: dous días lectivos pendentos de aprobar.

3. HORARIOS.

HORARIO LECTIVO		
	INCIO DAS CLASES	FINALIZACIÓN DAS CLASES
4º, 5º e 6º de Infantil	9:00	13:50
1º a 6º de Primaria	9:00	14:00

HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS (Titorías)	
DÍA	HORARIO (CON CITA PREVIA)
LUNS	De 17:00 a 18:00 horas

HORARIO DE ATENCIÓN EQUIPO DIRECTIVO	
DIRECCIÓN E XEFATURA DE ESTUDOS	De luns a venres de 9:00 a 9:50 (con cita previa)
SECRETARÍA	Pendente de confirmación

OUTROS HORARIOS	
COMEDOR*	De 14:00 a 16:00
MADRUGADORES*	7:15 a 9:00

*Servizos dispoñibles desde o primeiro día lectivo / Estes horarios deben ser confirmados coa ANPA do colexio, As Pedreiras. <https://aspedreiras.com/>

4. ENTRADAS E SAÍDAS.

As **portas de acceso** ao recinto educativo abríranse ás **8:45** e as **13:45** horas.

No caso do alumnado que acuda ao centro en coche deberase ter en conta:

- Os coches en fila que esperan á apertura do portalón deben arrimarse á veira dereita do camiño para deixar paso ao transporte escolar, aos vehículos de transporte adaptado e aos coches do persoal do centro.
- Os coches non poden estacionar fóra das prazas marcadas.
- Non se pode estacionar nas prazas destinadas ao autobús.

O alumnado debe seguir os camiños marcados no chan para dirixirse cara a súa fila.



A recollida do alumnado realizarase á hora indicada no punto 1 nos seguintes lugares:

CURSO	LUGAR DE RECOLLIDA
4º e 5º de Infantil	Mesmo lugar da fila de entrada.
6º de Infantil	Mesmo lugar da fila de entrada.
1º e 2º de Primaria	Mesmo lugar da fila de entrada.
3º e 4º de Primaria	Pista polideportiva cuberta
5º e 6º de Primaria	De non contar con autorización, diante do Torreón.

MOI IMPORTANTE: o alumnado de 5º e 6º de Primaria pode saír só se conta coa autorización correspondente. O resto do alumnado soamente será entregado ás persoas autorizadas.

O alumnado de 5º e 6º poderá recoller aos seus irmáns sempre que conte coa autorización correspondente.

Estas autorizacións están dispoñibles na secretaría do centro e na web do colexio.

As autorización do curso 2022-23 non son válidas para o este curso.